

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2013/12  
**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 5 de decembro de 2013.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **5 de decembro de 2013** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.  
D. Xavier Campos López

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Azucena González Loredó.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije  
D.José Manuel Yañez Dablanca.

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Secretario en funcións:**

D. Fidel Maañón López.

**Interventor:**  
-----

**Técnico de Admón. Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2013.01.60.- PUNTO UNICO.- SOLICITAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO QUE MODIFIQUE AS BASES QUE REGULAN O PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO E POSTA EN VALOR DO TERRITORIO, RECOLLIDAS NO BOP DO 9 DE NOVEMBRO DE 2013, CO OBXECTO DE QUE PODAN PARTICIPAR TODOS OS CONCELLOS DA PROVINCIA E BENEFICIEN AO MAIOR NÚMERO DE PERSOAS DESEMPREGADAS.**

Antes de comeza-lo tratamento do asunto por parte da Concelleira Sra. López Braña Freije faise entrega ao Sr.Alcalde dun escrito sobre renuncia dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular ao cobro das axudas de custo por asistencia a este Pleno.

De seguido o Sr.Alcalde abre a sesión e cede a palabra ao membro do Grupo Municipal Popular que vai desenvolver o escrito presentado. A Sra.Concelleira López-Braña Freije procede a realizar unha exposición sobre o obxecto do asunto da orde do día.

Expresa en primeiro lugar que se trata dunha Moción que xa sabe que vai ser calificada de “Moción tipo” e que ven imposta dende arriba, pero eso non significa que non se poida sacar algunha reflexión sobre o desemprego que se está a converter en algo habitual cando non debe ser así.

Manifesta que neste Concello so se falou en dous anos que van do mandato actual en dúas ocasións do emprego. Indica que se debe combater algo que debe ser extraordinario e non habitual e aínda que a Administración non ten que crear emprego sí que ten que crear as condicións que contribúan a favorecer o crecemento e o emprego. Todos deben ter as mesmas condicións para acceder ao mesmo e o Plan de Emprego que se está a tratar na Deputación Provincial é completamente contrario a eses principios de igualdade. Ademáis resulta favorecedor de determinados Concellos de 67 so favorece a 12, un deles do PP, 9 do PSG-PSOE e un do BNG. É chamativo.

Díse que a xustificación deste Plan é compensar as desfeitas da Xunta de Galicia e refírese ao Plan de emprego da Xunta que vai dirixido a todos os Concellos pero que hai que saber solicitalo. A diferenza deste Plan da Deputación a Xunta parte dunhas bases igualitarias.

Chama a atención moito, e cre que hai un pouco de irresponsabilidade, que hoxe pola mañá se levante coa noticia de que o BNG solicita á Xunta que se adopten medidas para acabar co paro na Mariña e que agora o Plan da Deputación discrimine á Mariña lucense. Manifesta que dende o Concello de Ribadeo todos teñen a obriga de defender ao Concello e ás persoas desempregadas.

Pide un acto de valentía política por enriba das ideoloxías.

Toma a palabra de seguido o Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE, refírese ás Mocións tipo e dí que case todas teñen que ver coa actividade municipal.

Respecto a ésta dí que é absolutamente inoportuna por traela xa que o que habería é que darlle as grazas á Deputación por suplir nunha materia que non é da súa competencia.

O tema do paro non é so dun Concello nin de dous nin de tres, ten a súa dinámica propia.

Manifesta que non se vai parar en datos pero indica que hai unha cuestión que é froito da súa propia experiencia acerca da obxectividade da Xunta e do Grupo que a sostén así como respecto ao de “saber solícialo” significando que recorda perfectamente e poder decir o domicilio e o solicitante, como se solicitaban as subvención para o semen subvencionado de touros de alta calidade. O procedemento sapiencial para solícialo era desprazarse a un domicilio oficial dun determinado partido na Avda. de Asturias, facíase a consulta do candidato previsible e con iso a solicitude cursada por cauces oficiais obtía a subvención para contribuir á mellora da cabana gandeira, toda vez que o semen comprado era moi caro e saía máis barato subvencionado.

Fai alusión novamente as experiencias sobre solicitudes formuladas, a enviar un Plan tres veces para que fora aprobado, a tomar resolución en función da cor política, etc. e dí que é o abc.

Por último, e para rematar, refírese á película Casablanca e a unha escea da mesma no “Café de rick” na que o capitán Renault da Policía entra co silbato e ordea despexar o café e cando lle preguntan porqué, dí que é un escándalo que se acaba de enterar de que alí se xoga.

Manifesta que é o mesmo sobre o que se está a tratar e que falar de obxectividade non é, e aínda que sabe que non é responsabilidade da Concelleira dí que vai votar que non.

Intervén a continuación o Concelleiro de UPRI Sr.Reymóndez Gancedo, de UPRI, no Grupo Mixto que manifesta que como representante dun partido independente está de acordo en pedir isto, está de acordo en que non haxa recortes en sanidade, en educación, etc.

No que non está de acordo é na forma e dí que se podía ter tratado nun Pleno ordinario, que en todo caso á Deputación de Lugo hacia Ribadeo pouco máis lle queda por demostrar xa que está facendo un grande esforzo con este municipio.

Reitera que está de acordo, no fondo non na forma, e que vai votar que sí.

Respecto ao de cobrar as axudas de custo que o Grupo Popular non vai percibir dí non estar de acordo coa forma e que no próximo Pleno ordinario, que sempre discute ata o

céntimo nos gastos que figuran nos decretos, pois pensa que tamén se podería ter aforrado o custo do Pleno de hoxe.

Por parte do BNG intervén o Sr.Alcalde. Manifesta que van votar que non porque teñen moitos motivos.

Sabe que é unha cuestión dirixida polos que mandan no Partido Popular pero en cuestión de forma ten que dicir que está moi decepcionado xa que nesta mesma Corporación nun Pleno que se quedou en non cobrar hai un ano mais ou menos, fora da sesión un Concelleiro lle dixo que os que teñen que vir de fora deberían cobrar a gasolina, o que lle pareceu ben, pero por iso agora non está de acordo coa postura adoptada.

Tocante á cuestión de fondo e en relación cos argumentos que se dín na Moción cre que como xa se dixo a Deputación en termos xerais estase portando moi ben co Concello de Ribadeo. Manifesta que tampouco está de acordo co dito sobre a obxectividade e refírese ao caso do Obradoiro de emprego solicitado polo Concello e que non foi concedido como xa se sabe e novamente coa solicitude formulada no ano 2013 en que non se concedeu obradoiro de emprego nada mais que aos Concellos do PP agás nun caso.

Dí que a valentía política sería apoiar a concesión do obradoiro de emprego e que neste caso a Deputación está suplindo con Ribadeo o que a Xunta non fai. Manifesta que van votar en contra con rotundidade polos argumentos indicados.

Intervén de novo a Concelleira Sra. López-Braña Freije, manifesta que non vai entrar en particularismos, refírese á obxectividade, ás Bases da Deputación novamente e dí que nas mesmas xa non se da opción.

Indica tamén, en relación ás axudas de custo, que non fan demagogia coas mesmas como fai o Concelleiro de UPRI, promovéndose deliberación sobre este extremo e que a ninguén pode molestar que se renuncie ao cobro nin que se pida a convocatoria de Plenos extraordinarios. Non debe resultar raro que se intente debatir deste tema do paro xa que se trata pouco e que debe enterarse todo o mundo. O que se pide nesta proposta e que os veciños de Ribadeo desempregados poidan participar.

O Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández intervén de novo e manifesta que se referiu ao semen dos touros como puido referirse a calquera outra cuestión e que era un argumento en contra do que se dí de cómo se deben pedir as subvencións, con carácter xeral e á marxe das peticións municipais.

Para rematar o Sr.Alcalde refírese novamente a que Ribadeo tiña opción ante a Xunta, nos dous anos, na convocatoria do obradoiro de emprego e simplemente o que fixo o Goberno autonómico é non contestar e que se enteraron pola prensa dos que concederon pero non houbo resposta algunha nin motivación de porqué non se concedía.

Reitera o dito en relación coa percepción das axudas de custo e que cadaquen é libre de renunciar ou non.

Rematada a deliberación, a Corporación, en votación ordinaria, por oito votos en contra (sete dos membros do Grupo Municipal do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e cinco votos a favor ( catro dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular e un do membro de UPRI no Grupo Mixto), acorda rexeitar a petición formulada polo Grupo Municipal Popular a que se contrae este asunto.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario en funcións dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO EN FUNCIONES,